



RESOLUCIÓN do ___ de _____ de 2021 pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2021/22 destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as bases de concesión.

A función docente constitúe un factor esencial da calidade da educación e para o seu adecuado desenvolvemento a formación do profesorado é unha peza clave. Por outra banda, a función docente experimentou unha notable transformación nos últimos anos, transformación que vai parella aos novos retos que ten que afrontar o sistema educativo. Neste contexto, a oferta formativa debe, por unha banda, coordinarse cos grandes obxectivos e programas da política educativa e, por outra, facer que o profesorado participe permitíndolle implicarse de forma activa na mellora das súas competencias, de xeito que se fomente a creatividade, a capacidade de innovación e, en resumo, que agrome o talento existente.

Neste sentido, os cambios derivados do desenvolvemento do Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (en diante, LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, tratan de que a formación permanente responda, tanto nas súas estruturas como nos seus plans e nas accións concretas, a unha vocación de apoio constante na mellora da función docente do profesorado galego.

No marco normativo estatal, a LOE dedica o seu título III a salientar o protagonismo que debe adquirir o profesorado no sistema educativo actual, cunha atención prioritaria á súa formación inicial e permanente.

Esta lei establece, no seu artigo 102, que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros, coa finalidade, entre outras, de prever a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas. E, por outra parte, o artigo 105, de medidas para o profesorado de centros públicos, dispón na alínea 2.d) que a Administración educativa disporá o desenvolvemento de licenzas retribuídas, de acordo coas condicións e requisitos que se establezan, coa finalidade de estimular a realización de actividades de





formación e de investigación e innovación educativas que revertan en beneficio directo do propio sistema educativo.

Ademais da formación anual programada e desenvolvida polas estruturas de formación a través de actividades para o profesorado, é conveniente ofertar unha modalidade formativa de máis longa duración nun contexto de implicación activa do profesorado no seu deseño e de acordo coas principais liñas de traballo marcadas para o sistema educativo. Neste sentido, as novas tecnoloxías acadan unha importante presenza e gozan de gran proxección no eido docente, polo que a Administración pretende facer partícipe o profesorado na realización de proxectos de investigación elaborando materiais didácticos, sen esquecer a especificidade da formación profesional (en diante, FP), que lles permita afondar nesta vertente do seu labor profesional e, ao mesmo tempo, que proporcionen o seu coñecemento e experiencia ao conxunto da comunidade educativa no deseño de actividades de ensino e aprendizaxe para as distintas modalidades de formación. Neste sentido, a implantación por primeira vez no curso académico 2020/21 dos cursos de especialización de FP e a ampliación da súa oferta para os próximos cursos, xunto a súa alta especialización, e a incorporación no seu currículo de competencias de sectores produtivos emerxentes fai preciso incorporar nesta convocatoria unha modalidade de formación que dea resposta á formación do profesorado de FP.

Polo anteriormente exposto, de conformidade coas competencias atribuídas polo Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a Consellería).

RESOLVO:

Primeiro. Obxecto e persoas destinatarias

1. Esta resolución ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras polas que se rexerán tanto a convocatoria pública como a execución das licenzas por formación para o curso académico 2021/22, dirixidas ao persoal docente que pertenza aos corpos que imparten as ensinanzas establecidas na LOE, destinado este curso académico en centros educativos públicos dependentes da consellería.





Nas modalidades individuais, aplicarase a seguinte orde de prelación:

- a) Persoal docente funcionario que non gozou de licenza por formación nas dúas últimas convocatorias (2018/19 e 2019/20).
- b) Persoal docente funcionario que gozou de licenza por formación nas dúas últimas convocatorias (2018/19 e 2019/20).
- c) Persoal interino.

Nas modalidades de grupo, que con carácter xeral estarán conformados por persoal funcionario de carreira ou con non máis do 50% dos seus compoñentes persoal interino, aplicarase a seguinte orde de prelación:

- 1º.- Todos eles sen licenza nas dúas últimas convocatorias (2018/19 e 2019/20).
- 2º.- Algún sen licenza nas dúas últimas convocatorias (2018/19 e 2019/20).
- 3º.- Todos eles con licenza nas dúas últimas convocatorias (2018/19 e 2019/20).

Confederación Intersindical Galega

ENSINO

No caso de quedaren prazas vacantes, estas poderían ser concedidas a grupos conformados por máis do 50% dos seus compoñentes persoal interino, coa seguinte orde de prelación:

- 1º.- Todos eles sen licenza nas dúas últimas convocatorias (2018/19 e 2019/20).
- 2º.- Algún sen licenza nas dúas últimas convocatorias (2018/19 e 2019/20).
- 3º.- Todos eles con licenza nas dúas últimas convocatorias (2018/19 e 2019/20).

2. A distribución da duración das licenzas por modalidades, expresada en meses, é a que se recolle no anexo I desta resolución.

Segundo. Modalidades de licenzas por formación





Tendo en conta que os obxectos dixitais educativos (en diante, ODE) elaborados ao abeiro desta convocatoria deberán ter unha calidade que permita unha aplicación directa na aula e ser coherentes coas áreas, materias ou módulos obxecto dos traballos, poderán solicitarse licenzas, todas elas retribuídas, para as seguintes modalidades:

Modalidade 1. Proxectos individuais para a elaboración ou actualización de materiais curriculares dixitais para segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, ESO, bacharelato e ensinanzas de réxime especial. Os materiais deberán incluír medidas concretas tanto da atención á diversidade como de promoción da convivencia nestes niveis. Ademais, deberán integrar a perspectiva de xénero co fin de producir materiais curriculares plenamente coeducativos e empregarán unha linguaxe non sexista e inclusiva.

Esta modalidade terá as seguintes submodalidades:

- Submodalidade 1.a. Elaboración de materiais curriculares dixitais inéditos.
- Submodalidade 1.b. Actualización de materiais existentes, que inclúa a adaptación normativa e lingüística, respectando a súa autoría e cumprindo co establecido no apartado décimo quinto desta convocatoria. Os materiais adaptados nesta submodalidade deberán cumprir os mesmos requisitos e características que os materiais de nova creación.

Valorarase preferentemente a creación de secuencias didácticas completas das materiais e niveis nos que exista unha oferta menor dentro do Repositorio Abalar. No portal educativo publicarase unha listaxe con suxestións para as temáticas de contidos novos ou para a súa remodelación.

Características dos materiais dixitais:

Multimedia, interactividade, accesibilidade, adaptabilidade, interoperabilidade e portabilidade.

Os materiais deberán permitir o visionamento en calquera tipo de dispositivo, incluídos os móbiles, e nos principais navegadores web (compatibles con HTML5).





Cumprirán, no momento da súa publicación, a normativa expresada na disposición adicional quinta, punto 1 («Accesibilidade para as persoas con discapacidade e de idade avanzada á información proporcionada por medios electrónicos») da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, modificada pola Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, en canto á accesibilidade das páxinas das administracións públicas en Internet, e no Real decreto 1112/2018, do 7 de setembro, sobre accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles do sector público.

A presentación do proxecto seguirá o esquema establecido no anexo IV.

A duración das licenzas desta modalidade será dun a tres meses no caso da modalidade 1.a, de acordo co cronograma do proxecto aprobado, e dun mes na modalidade 1.b.

As persoas que se acollan a esta modalidade deberán contar coa competencia suficiente no manexo das aplicacións e ferramentas a utilizar para a elaboración dos materiais de maneira autónoma.

Modalidade 2. Grupos de traballo de dous ou tres membros para a creación de materiais curriculares dixitais para segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, ESO, bacharelato e ensinanzas de réxime especial.

Os materiais deberán incluír medidas concretas tanto da atención á diversidade como de promoción da convivencia nestes niveis. Ademais, deberán integrar a perspectiva de xénero co fin de producir materiais curriculares plenamente coeducativos e empregarán unha linguaxe non sexista e inclusiva.

Ten por obxecto a creación de materiais dixitais para o programa de educación dixital en niveis obrigatorios, segundo ciclo de educación infantil, bacharelato e ensinanzas de réxime especial.





Valorarase preferentemente a creación de secuencias didácticas completas das materiais e niveis nos que exista unha oferta menor dentro do Repositorio Abalar. No portal educativo publicarase unha listaxe con suxestións para as temáticas de contidos.

Características dos materiais dixitais:

Multimedia, interactividade, accesibilidade, adaptabilidade, interoperabilidade e portabilidade.

Os materiais deberán permitir o visionamento en calquera tipo de dispositivo, incluídos os móbiles, e nos principais navegadores web (compatibles con HTML5).

Cumprirán, no momento da súa publicación, a normativa expresada na disposición adicional quinta, punto 1 («Accesibilidade para as persoas con discapacidade e de idade avanzada á información proporcionada por medios electrónicos») da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, modificada pola Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, en canto á accesibilidade das páxinas das administracións públicas en Internet, e no Real decreto 1112/2018, do 7 de setembro, sobre accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles do sector público.

A presentación do proxecto seguirá o esquema establecido no anexo IV.

A duración das licenzas desta modalidade será dun a tres meses, de acordo co cronograma do proxecto aprobado. En calquera caso, o tempo total da licenza entre todos os membros do grupo non poderá superar os seis meses.

As persoas que se acollan a esta modalidade deberán contar coa competencia suficiente no manexo das aplicacións e ferramentas a utilizar para a elaboración dos materiais de maneira autónoma.





Modalidade 3. Proxectos individuais para a elaboración ou adaptación de materiais curriculares plurilingües para as ensinanzas de FP.

Ten por obxecto a elaboración ou adaptación de materiais plurilingües que desenvolvan actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación ás cales se refire o punto 2 do artigo 23 da Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de FP inicial.

Esta modalidade terá as seguintes submodalidades:

- Submodalidade 3.a. Elaboración de materiais inéditos nunha lingua oficial e/ou noutra ou noutras linguas estranxeiras. Ademais, deberán integrar a perspectiva de xénero co fin de producir materiais curriculares plenamente coeducativos e empregarán unha linguaxe non sexista e inclusiva.
- Submodalidade 3.b. Actualización de materiais creados en convocatorias anteriores, entendendo por actualización a posta ao día dos contidos destes materiais dentro do ámbito procedente (científico, tecnolóxico, lexislativo...) e, simultaneamente, a súa adaptación a unha ou máis linguas estranxeiras.

Con carácter xeral, serán obxecto de elaboración de materiais os módulos profesionais de FP establecidos ao abeiro da LOE.

No anexo VIII relaciónanse os módulos profesionais que xa foron obxecto de elaboración de materiais noutras convocatorias, coa indicación do número de horas dispoñibles para elaborar e do número de horas dispoñibles para a súa adaptación.

Está dirixida preferentemente ao profesorado que fose formado pola consellería no procedemento de elaboración de programación de módulos da LOE (cursos, proxectos de FP, grupos de traballo, etc.).

A duración das licenzas desta modalidade será dun a tres meses, de acordo co cronograma do proxecto aprobado.





No caso de que dous proxectos sexan seleccionados e valorados coa mesma puntuación para a elaboración de materiais curriculares dun mesmo módulo, valorarase preferentemente aquel que, entre as linguas oficiais, propoña a súa elaboración en galego.

Modalidade 4. Grupos de traballo de dous ou tres membros para a elaboración de materiais curriculares plurilingües para as ensinanzas de FP.

Ten por obxecto a elaboración de materiais plurilingües inéditos que desenvolvan actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación ás cales se refire o punto 2 do artigo 23 da citada Orde do 12 de xullo de 2011.

Os materiais poderán ser redactados nunha lingua oficial e/ou noutra ou noutras linguas estranxeiras. Ademais, deberán integrar a perspectiva de xénero co fin de producir materiais curriculares plenamente coeducativos e empregarán unha linguaxe non sexista e inclusiva.

No caso de que dous proxectos sexan seleccionados e valorados coa mesma puntuación para a elaboración de materiais curriculares dun mesmo módulo, valoraranse preferentemente aquel que, entre as linguas oficiais, propoña a súa elaboración en galego.

Con carácter xeral, serán obxecto de elaboración de materiais os módulos profesionais establecidos ao abeiro da LOE.

No anexo VIII relaciónanse os módulos profesionais que xa foron obxecto de elaboración de materiais noutras convocatorias, con indicación do número de horas dispoñibles para a súa elaboración.

Está dirixida preferentemente ao profesorado que fose formado pola consellería no procedemento de elaboración de programación de módulos da LOE (cursos, proxectos de FP, grupos de traballo etc.).

A duración das licenzas desta modalidade será dun a tres meses, de acordo co cronograma do proxecto aprobado.





En calquera caso, o tempo total da licenza entre todos os membros do grupo non poderá superar os nove meses.

Modalidade 5. Proxectos individuais ou en grupos de dous a tres membros para a creación ou a remodelación de cursos non presenciais para a formación do profesorado dentro do modelo competencial da Rede de Formación.

Ten por obxecto a creación de cursos novos non presenciais de formación do profesorado, ou a remodelación dos xa existentes dentro do modelo competencial da Rede de Formación (<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/17543>), que poderán impartirse na Plataforma de teleformación galega (Platega). No portal educativo publicarase unha listaxe con suxestións para as temáticas de cursos novos ou para a súa remodelación. A presentación do proxecto realizarase segundo as instrucións proporcionadas polo departamento correspondente do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI), que coordinará a creación ou remodelación do curso. O obxectivo desta modalidade, de ser o caso, é, ademais da creación ou a remodelación, a posterior pilotaxe e titorización dos cursos, segundo o compromiso recollido no anexo V e nas condicións normativas establecidas no desenvolvemento de actividades de formación permanente do profesorado. A presentación do proxecto seguirá o esquema establecido no anexo IV.

Os/as participantes que se acollan a esta modalidade, que deberán demostrar competencia avanzada en Moodle 3.9, realizarán unha formación específica mediante o curso na Rede “Crear cursos Platega” sobre o deseño e creación dun curso na Rede en Platega durante o primeiro trimestre do curso 2021/22, salvo que acrediten que xa teñen superado este curso de formación específica; neste caso poderá gozarse da licenza durante o primeiro trimestre do curso 2021/22. A concesión desta licenza queda supeditada á avaliación positiva desta formación.

A duración das licenzas desta modalidade será dun a tres meses para a creación individual dun curso novo, ou de ata seis se é en grupo; para a remodelación dun curso existente a duración máxima será de dous meses se a licenza é individual ou ata catro meses se é en grupo, sempre de acordo co cronograma do proxecto aprobado.





Modalidade 6. Proxectos individuais para a creación de materiais curriculares para os cursos de especialización das ensinanzas de FP.

Ten por obxecto a elaboración de materiais curriculares que desenvolvan actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación relativas a módulos profesionais de cursos de especialización das ensinanzas de FP.

Esta dirixida ao profesorado que se comprometa a impartir docencia nos módulos profesionais de cursos de especialización que se oferten no curso 2021/22.

A duración desta modalidade será de mes e medio (desde o 15 de setembro ata o 31 de outubro de 2021).

Terceiro. Requisitos

1. As persoas candidatas a calquera das modalidades de licenza reguladas nesta resolución deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Persoal docente funcionario.

1º. Estaren en situación de servizo activo e prestando servizos ininterrompidos durante os cursos 2019/20 e 2020/21, e no 2021/22 seguiren tendo destino e exercendo docencia directa con alumnado en centros docentes educativos dependentes da consellería.

2º. Non teren destino en comisión de servizos durante o curso 2021/22, agás o profesorado destinado en centros de ensinanzas artísticas superiores, o persoal das escolas oficiais de idiomas e o que estea a gozar dunha comisión de servizos por conciliación da vida familiar e laboral ou por motivos de saúde.





3º. Cando as persoas participantes fosen beneficiarias dunha licenza por formación no curso 2019/20 a obtención da cualificación de apto no traballo desenvolvido será condición indispensable para a obtención dunha licenza nesta convocatoria

b) Persoal en prácticas

O persoal en prácticas poderá solicitar unha licenza por formación en todo caso, pero non poderá gozar dela no período efectivo das prácticas.

c) Persoal interino.

Para estes efectos entenderase como profesorado interino unicamente aquelas persoas que teñan nomeamento como tal ata o remate do curso académico correspondente.

2. Ademais, nas modalidades 3 e 4:

O profesorado solicitante deberá ter atribución docente no módulo ou módulos solicitados.

No caso de elaborar ou adaptar materiais nalgunha lingua estranxeira, deberase acreditar a competencia lingüística nesta lingua no nivel B2 do MCERL.

Na modalidade 4 cumprirá que polo menos un membro do grupo de traballo teña acreditada esta competencia lingüística, ou que un membro sexa da especialidade do idioma no que se vaian elaborar ou adaptar os materiais, sen que sexa necesario, neste caso, ter atribución docente no módulo ou módulos solicitados.

Na submodalidade 3.a e na modalidade 4 a suma da duración das actividades elaboradas será dun mínimo de 15 horas por persoa e mes de duración da licenza.

Na submodalidade 3.b a suma da duración das actividades adaptadas será dun mínimo de 45 horas por persoa e mes de duración da licenza.

Na modalidade 6: o profesorado solicitante deberá impartir docencia nos módulos profesionais de cursos de especialización que se oferten no curso 2021/22.





A duración das actividades elaboradas será dun mínimo de 10 horas por persoa e mes, ou proporcionalmente a esta cantidade se a duración é inferior a un mes.

3. Obteren os mínimos previstos nesta convocatoria.

Cuarto. Solicitudes e documentación

1. As persoas solicitantes deberán cubrir de maneira obrigatoria a súa solicitude de participación, única e para unha soa modalidade, a través da aplicación FProfe (<https://www.edu.xunta.gal/fprofe>). Nesta aplicación cubriranse e cargaranse, nun único arquivo (comprimido en ZIP se son varios arquivos), cun límite de 120M, os seguintes datos:

a) Para todas as modalidades: proxecto de traballo segundo o contido do anexo IV. As persoas que soliciten a modalidade 3.b non cubrirán a alínea d) do proxecto.

b) Para as modalidades 1 e 2: unha demostración do material a elaborar ou adaptar que constitúa un obxecto dixital educativo (en diante, ODE) completo, elaborado coa/s ferramenta/s que utilizará segundo o seu proxecto, e que cumpra coas características técnicas indicadas nesta convocatoria.

c) Para a modalidade 5: unha maqueta do curso na plataforma dixital Platega (Moodle 3.9), que inclúa a descrición de cada un dos módulos e o desenvolvemento completo dun deles con todos os seus compoñentes (obxectivos, contidos, espazos de comunicación e interacción e tarefas). Para a elaboración da maqueta, as persoas solicitantes poñeranse en contacto co CAFI (cafi.tic@edu.xunta.gal), que lles facilitará un espazo en Platega co modelo e directrices que deben seguir. Para a achega da maqueta bastará con incorporar no proxecto a ligazón de Platega onde se aloxa.

d) Para a modalidade 6. Un dos seguintes requisitos:





- Certificación da dirección do centro educativo conforme a persoa solicitante ten asignada docencia nun ou varios módulos profesionais dun curso de especialización no curso 2021/22.

- Compromiso da persoa solicitante a impartir docencia nun ou varios módulos de cursos de especialización no curso 2021/22.

2. Unha vez finalizada a solicitude, a aplicación Fprofe xerará automaticamente o anexo II, que deberá enviarse á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, e presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar coa denominación “Licenzas”, xunto coa seguinte documentación:

a) Modalidades 1 e 3: acreditación dos méritos académicos, profesionais ou de calquera índole que se considere conveniente alegar. Estes serán xustificados mediante os documentos que se especifican no anexo III desta resolución. Non terán que presentarse os documentos xustificativos dos méritos alegados que xa fosen achegados polos solicitantes para completar o seu expediente persoal na aplicación informática, a través do enderezo <http://www.edu.xunta.gal/datospersoais>

As modalidades 2, 4 e 5, ao seren de grupo, quedan exentas.

b) Modalidades 3 e 4: no caso de elaborar ou adaptar materiais nalgunha lingua estranxeira, para acreditar a competencia lingüística nesta lingua no nivel B2 do MCERL, deberán presentar a documentación que acredite esta circunstancia.

c) Modalidade 5: o anexo V debidamente cuberto.

3. Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).





Quinto. Prazo de presentación

O prazo de presentación das solicitudes comezará o día da publicación desta resolución no portal educativo e rematará o día _de _____ de 2021, inclusive.

Sexto. Comisión de selección

1. A selección das persoas candidatas realizaraa unha comisión integrada polos seguintes membros:

Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Innovación, Orientación e Formación dos Recursos Humanos (en diante, a Subdirección Xeral) ou persoa en quen delegue.

Vogais: as persoas titulares das subdireccións xerais de Formación Profesional; Ordenación, Inspección e Avaliación do Sistema Educativo e de Recursos Humanos, e pola persoa titular da Xefatura do Servizo de Innovación e Formación dos Recursos Humanos, ou persoa/as en quen deleguen.

Secretaría: unha persoa funcionaria da consellería, que actuará con voz e sen voto.

Os sindicatos integrantes da Mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear unha persoa representante para asistir ás sesións da comisión.

A comisión, para os efectos dun mellor coñecemento e unha mellor valoración das solicitudes, poderá realizar peticións de informes, a través da Secretaría Xeral, á Inspección educativa ou ás persoas especialistas da citada consellería.

2. A comisión poderá dispor a constitución dunha subcomisión técnica especializada, só para os efectos de colaborar na valoración dos méritos no baremo do anexo III. Ás reunións desta subcomisión poderá asistir unha persoa representante de cada unha das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de persoal docente.

3. Esta comisión estará incluída na categoría que corresponda para os efectos do previsto no Decreto 144/2008, do 26 de xuño –que modifica o Decreto 144/2001, do 7 de xuño–, concretado





na Resolución do 20 de xuño de 2008 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de xuño de 2008 respecto da actualización do previsto no anexo IV do citado Decreto 144/2001.

Sétimo. Criterios de selección e puntuación provisional

1. A comisión de selección baremará as solicitudes presentadas de conformidade cos criterios establecidos nesta resolución.

Nas modalidades 1, 2 e 5 é requisito alcanzar, como mínimo, o 40% da puntuación en cada punto que se recolle no anexo IX para poder optar a unha licenza.

Nas modalidades 3, 4 e 6 é requisito acadar unha puntuación mínima de 8 puntos na valoración do proxecto, segundo se recolle no anexo IX.

No caso de ter gozado dunha licenza no curso 2019/20, contar coa cualificación de 'apto' no traballo desenvolvido.

2. En caso de empate, este dirimirase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación no punto 1 do baremo.
- b) Maior puntuación no punto 2 do baremo.
- c) Maior puntuación no punto 3 do baremo.

3. No caso de se produciren vacantes nalgunha das modalidades, poderán acumularse ás outras modalidades. En ningún caso poderá excederse o número total de meses establecido no anexo I.

4. A puntuación provisional obtida polas persoas candidatas farase pública no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/>), e abrirase un prazo de dez días hábiles para efectuar reclamacións ante a presidencia da comisión.

No mesmo prazo establecido no parágrafo anterior presentaranse as posibles renuncias á concesión das licenzas, dirixidas á presidencia da mencionada comisión de selección.





Oitavo. Resolución definitiva

1. Logo de resoltas as reclamacións, a comisión de selección remitirá ao secretario xeral de Educación e Formación Profesional a proposta de resolución da concesión de licenzas por formación, xunto coa acta ou as actas definitivas, nas cales se indicarán as valoracións outorgadas a cada persoa candidata, así como a relación final de persoas beneficiarias das licenzas. A resolución definitiva da Secretaría Xeral publicarase no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/>).

2. Unha vez resolta esta convocatoria, só se admitirán renuncias ás licenzas concedidas e modificacións no desenvolvemento do proxecto aprobado en casos excepcionais e libremente valorados pola consellería.

As solicitudes de renuncia á licenza concedida ou de calquera modificación que se desexe introducir nelas deberán dirixirse, previamente e por escrito, á Secretaría Xeral. En ningún caso poderán introducirse modificacións nas licenzas sen a correspondente resolución de autorización da Secretaría Xeral.

3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás licenzas por formación especificadas nesta orde será de tres meses desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, as





persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Noveno. Período de desenvolvemento das licenzas

O período de desenvolvemento para o exercicio das licenzas é o seguinte:

- Modalidades 1, 2, 3 e 4: entre o 15 de setembro de 2021 e o 30 de xuño de 2022.
- Modalidade 5:
 - Primeiro trimestre: aquelas persoas beneficiarias que teñan superado o curso “Crear cursos Platega”.
 - Segundo trimestre: aquelas persoas beneficiarias indicadas no apartado anterior e os que realizasen e superasen o indicado curso dentro do primeiro trimestre.
- Modalidade 6: entre o 15 de setembro e o 31 de outubro de 2021.

Décimo. Obrigas das persoas beneficiarias

1. Nas modalidades 1, 2 e 5, unha persoa asesora do CAFI e, nas modalidades 3, 4 e 6, unha persoa asesora do Servizo de Programación e Formación Profesional ou das estruturas de formación do profesorado porase en contacto coas persoas beneficiarias co fin de lles transmitir as instrucións para a elaboración dos materiais. Durante o período de duración da licenza, as persoas beneficiarias asumen a obriga de entregar os documentos precisos para lle facilitar o labor de seguimento correspondente e de seguir, de ser o caso, as súas indicacións técnicas. Así mesmo, na modalidade 6, as persoas beneficiarias deberán asistir, de ser o caso, ás actividades de formación ás que fosen convocadas desde a Subdirección Xeral de Formación Profesional no ámbito do curso de especialización obxecto desta licenza.

2. No caso de que durante o seguimento da licenza se observase algún incumprimento por parte das persoas beneficiarias, estas poderán perder o dereito de continuar gozando dela.





3. As persoas beneficiarias das licenzas serán convocadas ás reunións que sexan necesarias, de carácter obrigatorio, para establecer as pautas de coordinación e indicacións técnicas xerais.

As persoas beneficiarias serán responsables da corrección lingüística dos materiais entregados.

4. Prazo máximo de presentación por parte das persoas beneficiarias de licenzas por formación da documentación xustificativa do cumprimento dos obxectivos previstos desde a finalización da licenza:

- Modalidades 1, 2 e 5: un mes.

- Modalidades 3, 4 e 6: dous meses.

Así mesmo, realizarase unha valoración final que lles será comunicada ás persoas beneficiarias. Esta valoración será de 'apto' ou 'non apto' en función de que a persoa beneficiaria cumprise ou non os obxectivos indicados no proxecto presentado xunto coa solicitude de licenza por formación. Poderase obter unha valoración negativa se non se cumpre o compromiso de entregas recollido no proxecto.

A citada documentación enviarase á Secretaría Xeral (Servizo de Innovación e Formación dos Recursos Humanos), e constará dos seguintes elementos:

a) Para as modalidades 1 a 6, os seguintes elementos comúns:

a.1) Unha declaración xurada ou promesa (de cada membro do equipo ou ~~de~~ da persoa representante da entidade) de posuír, como responsables da autoría, plenos dereitos de divulgación e publicación, reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre a totalidade dos materiais presentados –incluídos sons, imaxes, vídeos, animacións, textos... que forman parte dos ODE, e de que estes non estean comercializados. A autoría deberá aparecer expresada na portada do traballo obxecto da licenza. No caso de actualización de materiais deberase facer constar tamén a autoría do material orixinal, indicando que se trata dunha obra derivada. Esta declaración deberá axustarse ao modelo recollido no anexo X.





a.2) No caso de que se inclúan imaxes de persoas, en aplicación da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, achegaranse as correspondentes autorizacións, que no caso de menores de 14 anos corresponderanlles ás persoas proxenitoras ou responsables, en soporte impreso e electrónico (PDF), debidamente cubertas e asinadas, segundo o establecido no protocolo de protección de datos da consellería.
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_proteccion_datos_v1.0.pdf

a.3) Poderanse incluír outros materiais complementarios que os autores e as autoras consideren de interese.

a.4) As persoas beneficiarias deberán asinar un contrato de cesión de dereitos de explotación dos documentos de apoio ou referencia aportados nos materiais, non elaborados na propia licenza, aos que se refire o punto de 3 do artigo 15.

b) Elementos específicos para cada modalidade:

b.1) Para as modalidades 1 e 2:

b.1.1) Orixinal en soporte dixital dos materiais elaborados, en memoria USB debidamente etiquetada, empaquetado en ZIP e SCORM (para aquelas plataformas que o permitan) e listo para a súa visualización en navegador web. O material deberá seguir as recomendacións sobre creación e estrutura de contidos dixitais dispoñibles no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal/portal/ODEs.

Os recursos terán que incluír todas as páxinas e ficheiros necesarios para a correcta execución da súa interactividade, deberán visualizarse correctamente nas últimas versións dos navegadores máis comúns sobre distintos sistemas operativos, libres e propietarios. Deben funcionar sen necesidade de instalar ningún complemento específico ou navegador e deberán poder ser executados en local.

O arquivo comprimido zip de cada ODE creado terá un peso nunca superior a 100 Mb. Cada traballo pode ter os ODE que o autor ou autora considere necesarios para desenvolver o proxecto presentado.





b.1.2) Unha guía didáctica en que se expoñan os obxectivos educativos pretendidos, os aspectos curriculares en que se incida, a metodoloxía e as orientacións didácticas, as actividades que se propoñan e os recursos de avaliación, con mención dos medios para achegar retroalimentación ás aprendizaxes no proceso avaliativo. Esta deberá poder ser visualizada en cada un dos ODE presentados.

b.1.3) Un documento ou apartado de cita da autoría dos recursos multimedia incorporados, facendo referencia á súa licenza de uso e incorporando en cada un deles a ligazón ao repositorio no que está aloxado.

b.1.4) Un manual de uso (en formato PDF) en que se expliquen, cunha linguaxe axeitada para o nivel do alumnado, as pautas de utilización do material. Cando, por razóns especiais, non se estime necesario este documento, deberase razoar a decisión nun documento específico de igual título.

b.1.5) Un documento (en formato PDF) en que se especifiquen os pasos a seguir para a instalación e os parámetros de configuración e execución da aplicación desde Internet e no servidor cliente.

b.2) Para as modalidades 3, 4 e 6:

Orixinal en soporte dixital dos materiais elaborados, no cal constará:

1. Programación dos módulos profesionais dos cales se elaboran materiais, realizada mediante a aplicación informática de elaboración de programacións da consellería.

2. As actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación elaboradas que desenvolvan algunha das relacionadas no punto 4.a) da correspondente programación. Estas actividades deben ser entregadas en soporte dixital editable.

Os materiais elaboraranse seguindo o formato e as instrucións que especifique o Servizo de Programación e Formación Profesional.





b.3) Para a modalidade 5:

b.3.1) Curso completo en Moodle aloxado en Platega que responda ás directrices de creación de cursos facilitadas polo Departamento de Educación Dixital do CAFI de acordo co marco do modelo competencial da Rede de Formación. O curso deberá incluír:

- ⌚ A guía didáctica do curso en PDF.
- ⌚ Os arquivos fonte de todos os materiais e documentos elaborados.
- ⌚ Un documento ou apartado de cita da autoría dos recursos multimedia incorporados, facendo referencia á súa licenza de uso e incorporando e cada un deles a ligazón ao repositorio no que está aloxado.

b.3.2) Nos casos en que proceda, orixinal editable en soporte dixital (memoria USB) dos materiais de elaboración propia que estean embebidos no curso e aloxados en servizos externos (Youtube, Slideshare, Issuu etc.).

B.3.3) Requisitos e características dos materiais dixitais.

Todos os materiais cumprirán, no momento da súa publicación, a normativa expresada na disposición adicional quinta, punto 1 («Accesibilidade para as persoas con discapacidade e de idade avanzada á información proporcionada por medios electrónicos») da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, modificada pola Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información, en canto á accesibilidade das páxinas das administracións públicas en Internet.

Décimo primeiro. Situación administrativa das persoas beneficiarias

Durante o tempo de duración dunha licenza por formación, o persoal docente seleccionado recibirá os emolumentos correspondentes ás súas retribucións básicas e complementarias. As persoas beneficiarias consideraranse, para todos os efectos, en situación de servizo activo. Consecuentemente con isto, se a persoa beneficiaria dunha licenza durante o seu desenvolvemento está de baixa médica deberá comunicalo á consellería. Esta baixa, en función





da súa duración, poderá dar lugar a unha modificación da licenza ou, de ser o caso, a unha revogación dela cando a imposibilidade de continuar o traballo quede acreditada.

Décimo segundo. Incompatibilidades

1. A concesión de licenzas é incompatible coa realización de calquera outra actividade remunerada pública ou privada, así como coa participación ou coordinación, no curso 2021/22, en programas europeos, estadias formativas en empresas e actividades formativas no estranxeiro ofrecidas á marxe desta convocatoria.

2. A persoa solicitante que obteña praza en calquera das convocatorias a que se refire o punto anterior deberá notificalo urxentemente e por escrito á Secretaría Xeral.

Décimo terceiro. Responsabilidades por incumprimento

O incumprimento do disposto nesta convocatoria poderá dar lugar á revogación da licenza ou á incursión en responsabilidades disciplinarias de acordo co establecido no título IX (Régime disciplinario) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Décimo cuarto. Seguimento

A Secretaría Xeral efectuará o axeitado seguimento e control dos estudos e dos traballos que se realicen durante o período da licenza, e poderá solicitar directamente, a través de entrevista ou por medio da Inspección educativa, información sobre o traballo realizado e sobre o que quede pendente, de tal xeito que o incumprimento do establecido no proxecto inicial poderá dar lugar á revogación da licenza.

Décimo quinto. Propiedade dos materiais

1. Con independencia do recoñecemento da súa autoría, os materiais realizados serán propiedade da consellería, que reserva para si o dereito de reprodución, distribución e comunicación pública, e poderaos distribuír baixo unha licenza Creative Commons *BY-NC-SA "recoñecemento"- "non comercial"- "compartir igual"* .





2. Os autores e as autoras, para poderen difundir pola súa conta os devanditos traballos, farán constar na correspondente difusión que o traballo foi realizado durante unha licenza retribuída pola consellería.

3. No caso de incluír nos materiais didácticos recursos multimedia ou documentos de apoio ou referencia, os autores e as autoras deberán asegurarse que estes estean suxeitos aos mesmos termos da licenza dos materiais elaborados, ou ben obter un contrato explícito de cesión de dereitos de explotación para tal finalidade.

Décimo sexto. Retirada de documentación

A partir dun mes da data de publicación da resolución no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/>), as persoas interesadas ou aquelas que autoricen disporán dun prazo de tres meses para retiraren a documentación ante a presidencia da comisión. Transcorrido o citado prazo, entenderase que renuncian á súa devolución.

Décimo sétimo. Réxime dos recursos

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo oitavo. Información ás persoas interesadas

Sobre este procedemento administrativo poderase obter información a través dos seguintes medios:





a) Na páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/>

b) Nos teléfonos:

- 881 99 76 35. Cuestións administrativas.
- 981 52 24 11 (CAFI- Departamento Educación Dixital). Modalidades 1, 2 e 5.
- 881 99 65 28. Modalidades 3, 4 e 6.

c) No enderezo electrónico: licenzas.fprofe@edu.xunta.gal

Disposición adicional primeira

1. Con carácter excepcional, aquelas persoas que tiñan concedida unha licenza por formación de das modalidades 1, 2, 3, 4 e 5 no curso 2019/20 e que non puideron levala a cabo como consecuencia da pandemia da COVID-19 poderán facelo no curso 2021/22 ao abeiro desta convocatoria, co mesmo proxecto e duración temporal cos que fora concedida inicialmente. Estas persoas só poderán solicitar unha licenza ao abeiro desta convocatoria.

2. As persoas que se acollan a esta opción deberán presentar unicamente o anexo II cuberto, nas mesmas condicións que o resto das persoas solicitantes, no que indicarán as datas solicitadas para a realización da licenza, dentro dos períodos establecidos nesta convocatoria para cada modalidade.

Disposición adicional segunda. Adxudicación doutras prazas de formación

Cando do marco das accións de colaboración, promoción e cooperación establecidas entre a consellería e outras institucións ou entidades derive unha oferta de accións formativas para o profesorado, estas poderán adxudicarse, de ser o caso, dentro da cota de prazas ofertadas nesta resolución, en atención á modalidade retribuída que por analogía lles corresponda.

Disposición adicional terceira. Información básica sobre protección de datos persoais

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coas





finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. As persoas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da-Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición derradeira. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/>).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

José Luis Mira Lema

Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional





ANEXO I

Distribución das licenzas por formación por meses segundo as modalidades

Modalidades	Meses
1. Proxectos individuais para a elaboración ou actualización de materiais curriculares dixitais para segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, ESO, bacharelato e ensinanzas de réxime especial.	
Submodalidade 1.a. Elaboración de materiais curriculares dixitais inéditos.	100
Submodalidade 1.b. Actualización de materiais existentes, que inclúa a adaptación normativa e lingüística, respectando a súa autoría e cumprindo co establecido no apartado décimo quinto desta convocatoria. Os materiais adaptados nesta submodalidade deberán cumprir os mesmos requisitos e características que os materiais de nova creación.	20
2. Grupos de traballo de dous ou tres membros para a creación de materiais curriculares dixitais para segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, ESO, bacharelato e ensinanzas de réxime especial.	120
3. Proxectos individuais para a elaboración ou adaptación de materiais curriculares plurilingües para as ensinanzas de FP.	
Submodalidade 3.a. Elaboración de materiais inéditos nunha lingua oficial e/ou noutra ou noutras linguas estranxeiras.	24
Submodalidade 3.b. Actualización de materiais creados en convocatorias anteriores e, simultaneamente, a súa adaptación a unha ou máis linguas estranxeiras.	6
4. Grupos de traballo de dous ou tres membros para a elaboración de materiais curriculares plurilingües para as ensinanzas de FP.	70
5. Proxectos individuais ou en grupos de traballo de dous ou tres membros para a creación de cursos non presenciais para a formación do profesorado.	60
6. Proxectos individuais para a creación de materiais curriculares para os cursos de especialización das ensinanzas de FP.	100
Total	500





ANEXO III


Baremo

Méritos	Puntos por curso ou actividade	Total puntos máximo	Documentos
1. Proxecto de traballo. 1.1. Será necesario alcanzar un mínimo de oito puntos.	Ata 20 puntos	20	O solicitado para cada modalidade no anexo IV
2. Méritos docentes: 2.1. Servizos docentes. Por cada ano de servizos na función pública docente (non se computarán os esixidos como requisito).	1 punto por ano completo	Por esta subepígrafe, ata 10 puntos	
3. Actividades de formación permanente do profesorado organizadas ou homologadas polas administracións educativas.			
3.1. Docencia en actividades de formación do profesorado. Nota: para titores e titoras de prácticas de mestres e mestras, do ICE e das universidades (prácticas de psicopedagogía ou similar) puntuarase 0,15 puntos por cada ano.	Por cada dez horas: 0,10 puntos	2	Fotocopias compulsadas das certificacións acreditativas (Só no caso de que non figuren no expediente persoal)
3.2. Coordinación e/ou asistencia a actividades de formación do profesorado.	Por cada dez horas: 0,10 puntos	4	
4. Méritos académicos non esixidos para o ingreso no corpo.		4	Fotocopias compulsadas de títulos ou certificación de
4.1. Título de doutoramento.	1,50 puntos		





4.2. Licenciatura ou grao.	1 punto		
4.3. Diplomatura ou equivalente.	0,5 puntos		
4.4. Por cada ciclo formativo de grao superior ou grao de ensinanzas de réxime especial ou de grao superior de FP.			
4.5. Outros estudos de posgrao: diploma de estudos avanzados (DEA) ou equivalente, títulos propios da universidade, mestrados etc.).	0,25 puntos		
	0,25 puntos		



Confederación Intersindical Galega

ENSINO





ANEXO IV

Esquema dos contidos dos proxectos

Modalidades 1 e 2. Proxectos individuais ou grupos de traballo de dous ou tres membros para a creación de materiais curriculares dixitais para segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación ESO, bacharelato e ensinanzas de réxime especial.

1. Presentarase unha proposta sobre o traballo que se vaia realizar durante o período da licenza, nun documento en PDF cunha extensión máxima de 6.000 palabras que conste dos seguintes apartados:

- a) Portada co título do proxecto, o nome e apelidos da persoa ou persoas solicitantes e a materia/s, área/s ou ámbito/s e nivel aos que vai dirixida a proposta.
- b) Índice detallado das partes do proxecto.
- c) Descrición do proxecto:
 - i) Breve descrición e xustificación do proxecto en relación á materia/s, área/s ou ámbito/s e nivel ao que vai dirixido.
 - ii) Número de ODE, unidades didácticas (UD) ou recursos a elaborar.
 - iii) Obxectivos do recurso.
 - iv) Contidos e estándares traballados e secuencia dos mesmos.
 - v) Descrición e xustificación das competencias clave a traballar.
 - vi) Metodoloxía de aplicación.
 - vii) Medidas concretas de atención á diversidade.
 - viii) Medidas concretas de promoción da convivencia.
 - ix) Avaliación do alumnado, da proposta educativa e do seu desenvolvemento na aula (criterios, instrumentos...).
- d) Soporte e ferramentas que se utilizarán para a elaboración do material e xustificación do seu uso en relación coa proposta.
- e) Cronograma da realización do proxecto con especificación das entregas parciais.





- f) Descrición do material dixital de exemplo que se presenta xunto co proxecto e que debe constituír, cando menos, un ODE completo.

2. Requisitos e características dos materiais dixitais

Tanto nos arquivos de entrega como nos nomes dos arquivos de recursos que se utilizan para elaborar o material ou que se vinculan dentro del (é dicir, en toda a estrutura de navegación) é importante non usar espazos, eñes, acentos nin caracteres especiais.

3. Os traballos e as investigacións que supoñan unha actuación en centros docentes ou noutras institucións públicas ou privadas xuntarán certificado de conformidade das respectivas direccións, co visto e prace da Inspección educativa ou autorización das persoas responsables das institucións, de ser o caso.

Modalidades 3 e 4. Proxectos individuais ou grupos de traballo de dous ou tres membros para a elaboración ou adaptación de materiais curriculares plurilingües para as ensinanzas de FP.

1. Presentarase unha proposta sobre as actividades que se vaian realizar durante o período da licenza, onde se fará constar:

a) Ciclo formativo e módulo profesional, duración total das actividades que se vaian elaborar e, de ser o caso, linguas estranxeiras en que se van elaborar os materiais.

b) Participantes: datos persoais e profesionais.

c) Breve descrición do contido do proxecto.

d) Segundo o establecido no manual de elaboración de programacións dos módulos profesionais dispoñible no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/programacions>:

1º. Proposta de relación de unidades didácticas do módulo profesional, así como das actividades que se vaian desenvolver, cunha breve descrición e a duración para cada unha delas.





2º. Para as actividades incluírse, ademais, a asignación dos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación que se tratarán en cada unha delas.

- e) Planificación e temporalización das diferentes fases de execución do proxecto.
- f) Deberase indicar a relación priorizada de ata tres módulos profesionais dos cales o solicitante está disposto a elaborar ou adaptar materiais curriculares, como posible alternativa ao definido na alínea a).

Esta relación empregarase como alternativa para a elaboración dos materiais da licenza no caso de que dous proxectos sexan seleccionados para a elaboración ou adaptación de materiais curriculares do mesmo módulo. Neste caso darase prioridade a aquel proxecto que complete a maior porcentaxe do material pendente do módulo. No caso de non indicar a relación priorizada dos módulos profesionais sinalados, ou ben que todos os módulos solicitados estean propostos para a súa elaboración ou que xa estivesen elaborados, as persoas beneficiarias de licenza asumirán a proposta realizada pola Secretaría Xeral. En caso de desacordo, poderán renunciar á adxudicación da licenza no prazo de dez días ao que se refire a alínea sexta, punto 4, desta resolución.

Confederación Intersindical Galega

2. O proxecto terá unha extensión máxima de 8.000 palabras.

Modalidade 5. Proxectos individuais ou en grupos de dous ou tres membros para a creación de cursos non presenciais para a formación do profesorado.

1. Presentarase unha proposta do curso a distancia que se vaia crear durante o período da licenza nun documento en PDF, cunha extensión máxima de 6.000 palabras no que se fará constar:

- a) Portada co título do curso e nome e apelidos da persoa ou persoas solicitantes.
- b) Temática do curso, perfil do profesorado destinatario e horas de duración.
- c) Xustificación da proposta: transferencia que o profesorado fará ás aulas das aprendizaxes adquiridas e impacto que se agarda que isto provoque no seu alumnado.





- d) Competencias e subcompetencias profesionais docentes (dúas como máximo) e xustificación das mesmas.
- e) Obxectivos competenciais do curso.
- f) Deseño do curso que recolla, en cada un dos módulos, a descrición, desempeños, tarefas, contidos e espazos de interacción.
- g) Descrición do proxecto integrador ou final.
- h) Formas de organización social e estratexias para a titorización e dinamización.
- i) Procedementos e ferramentas de seguimento e avaliación.
- j) Xustificación das ferramentas de Moodle a utilizar e, de ser o caso, das ferramentas ou aplicacións externas a Moodle.
- k) Cronograma da organización e realización do proxecto con especificación das entregas parciais temporalizadas.
- l) Descrición detallada de todos os elementos do módulo que se desenvolverá como exemplo na maqueta do curso e ligazón á mesma.

Modalidade 6. Proxectos individuais para a creación de materiais curriculares para os cursos de especialización das ensinanzas de FP.

Presentarase unha proposta sobre as actividades que se vaian realizar durante o período da licenza, onde se fará constar:

- a) Curso de especialización e módulo profesional, duración total das actividades que se vaian elaborar.
- b) Participante: datos persoais e profesionais.





c) Breve descripción do contido do proxecto.



Confederación Intersindical Galega

ENSINO





ANEXO V

Compromiso de pilotaxe e titorización de cursos non presenciais

Modalidade 5

De ser seleccionado/a nesta convocatoria, eu (nome e apelidos) _____
_____ con NIF _____, mediante a miña sinatura
comprométome, de ser o caso, a realizar a pilotaxe previa e a asumir a titorización da primeira
edición do curso non presencial elaborado durante a licenza por formación, na súa modalidade
5 'Creación de cursos non presenciais'.

Lugar e data _____, de _____ de 202__

Confederación Intersindical Galega
ENSINO





ANEXO VIII

Código	Módulo	Duración do módulo	Horas dispoñibles para elaborar materiais	Horas dispoñibles para actualizar materiais	Para actualizar ao		
					Inglés	Portugués	Alemán
MP0486	Acceso a datos	157	117	40	40	40	40
MP1142	Actividades físico-deportivas para a inclusión social	105	40	65	65	65	65
MP0201	Acústica e elementos de protección sonora	187	131	56	56	56	56
MP0374	Administración de sistemas operativos	140	30	110	110	110	110
MP0377	Administración de Sistemas Xestores de Bases de datos	70	25	45	45	45	45
MP0061	Anatomofisioloxía e patoloxía básicas	107	0	107	107	107	107
MP1087	Animación de elementos 2D e 3D	147	37	110	110	110	110
MP3002	Aplicacións básicas de ofimática	240	200	40	40	40	40
MP0223	Aplicacións ofimáticas	240	142	98	98	98	98
MP0214	Apoio á comunicación	87	0	87	87	87	87
MP0215	Apoio domiciliario	140	90	50	50	50	50
MP1521	Atención psicosocial a pacientes e persoas usuarias	107	0	107	107	107	107
MP0216	Atención sanitaria	213	53	160	160	160	160
MP0012	Autonomía persoal e saúde infantil	155	105	50	50	50	50
MP0952	Automatismos pneumáticos e hidráulicos	240	74	166	166	166	166
MP0690	Botánica agronómica	80	40	40	40	40	40
MP0094	Caldeirería e soldadura	261	229	32	32	32	32
MP0350	Certificación enerxética de edificios	210	135	75	75	75	75
MP0579	Composicións florais e con plantas	140	107	33	33	33	33
MP0352	Configuración de instalacións solares térmicas	107	18	89	89	89	89
MP0736	Conservadora, periodoncia, cirurxía e implantes	175	120	55	55	55	55
MP0654	Contabilidade e fiscalidade	157	23	134	134	134	134
MP1131	Contexto da animación sociocultural	107	58	49	49	49	49
MP0337	Contexto da intervención social	133	35	226	226	226	226
MP1300	Control, edición e mestura de son	157	109	48	48	48	48
MP0015	Desenvolvemento cognitivo e motor	213	127	86	86	86	86
MP0488	Desenvolvemento de interfaces	140	99	41	41	41	41
MP0986	Desenvolvemento de produto en carpintería e moble	175	115	60	60	60	60
MP0016	Desenvolvemento socio-afectivo	123	81	42	42	42	42
MP0612	Desenvolvemento web en contorno de cliente	157	0	157	157	157	157
MP0613	Desenvolvemento web en contorno servidor	175	25	150	150	150	150
MP0246	Deseño de construcións metálicas	267	227	40	40	40	40
MP0427	Deseño de produtos mecánicos	320	145	175	175	175	175



MP0387	Deseño de produtos turísticos	140	75	65	65	65	65
MP1086	Deseño, debuxo e modelaxe para animación	267	192	75	75	75	75
MP0011	Didáctica da educación infantil	240	87	153	153	153	153
MP0399	Dirección de entidades de intermediación turística	87	42	45	45	45	45
MP0569	Eficiencia enerxética en edificación	70	16	54	54	54	54
MP0027	Elaboracións de confeitaría e outras elaboracións	192	147	45	45	45	45
MP0551	Elementos de sistemas de telecomunicacións	240	160	80	80	80	80
MP1052	Equipamentos microprogramables	266	181	85	85	85	85
MP0745	Estética hidrotermal	123	65	58	58	58	58
MP0171	Estrutura do mercado turístico	133	58	75	75	75	75
MP0562	Estruturas de construción	107	17	90	90	90	90
MP0731	Estudo da cavidade oral	213	28	185	185	185	185
MP0014	Expresión e comunicación	213	53	160	160	160	160
MP0640	Imaxe corporal e hábitos saudables	133	88	45	45	45	45
MP0869	Impresión dixital	157	92	65	65	65	65
MP1401	Información e comunicación con perspectiva de xénero	213	168	45	45	45	45
MP1129	Información xuvenil	133	0	133	133	133	133
MP0236	Instalacións de distribución	155	8	147	147	147	147
MP0007	Interpretación gráfica	133	92	41	41	41	41
MP0626	Loxística de aprovisionamento	105	0	105	105	105	105
MP0577	Mantemento e mellora de xardíns e zonas verdes	176	135	41	41	41	41
MP0694	Maquinaria e instalacións agroforestais	186	149	37	37	37	37
MP0036	Máquinas e equipamentos térmicos	240	172	68	68	68	68
MP0931	Márketing dixital	187	127	60	60	60	60
MP0564	Medicións e valoracións de construción	87	32	55	55	55	55
MP0910	Medios técnicos audiovisuais e escénicos	187	107	80	80	80	80
MP0344	Metodoloxía da intervención social	133	0	133	133	133	133
MP0042	Montaxe e mantemento de instalacións de climatización	210	158	52	52	52	52
MP0013	O xogo infantil e a súa metodoloxía	187	51	136	136	136	136
MP0100	Oficina de farmacia	157	55	102	102	102	102
MP0541	Operacións básicas de moblaxe	240	188	52	52	52	52
MP0210	Organización da atención ás persoas en situación de dependencia	210	65	145	145	145	145
MP0906	Planificación da montaxe e a pos-produción de audiovisuais	186	35	151	151	151	151
MP0904	Planificación da realización en televisión	160	0	160	160	160	160
MP0915	Planificación de proxectos audiovisuais	266	0	266	266	266	266
MP0918	Planificación de proxectos de espectáculos e eventos	213	0	213	213	213	213
MP0370	Planificación e administración de redes	213	156	57	57	57	57
MP0650	Proceso integral da actividade comercial	133	59	74	74	74	74
MP0026	Procesos básicos de pastelería e repostería	240	180	60	60	60	60
MP0386	Procesos de guía e asistencia turística	105	64	41	41	41	41
MP0517	Procesos en instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións	187	147	40	40	40	40
MP0048	Produtos culinarios	350	310	40	40	40	40





MP0485	Programación	240	70	170	170	170	170
MP0172	Protocolo e relacións públicas	105	25	80	80	80	80
MP0177	Recursos humanos no aloxamento	87	47	40	40	40	40
MP0384	Recursos turísticos	187	107	80	80	80	80
MP0225	Redes locais	213	75	138	138	138	138
MP0832	Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas	214	131	85	85	85	85
MP0563	Representacións de construción	347	209	138	138	138	138
CS0510	Residuos sólidos e medio construído	145	97	48	48	48	48
MP0378	Seguridade e alta dispoñibilidade	105	21	84	84	84	84
MP0385	Servizos de información turística	70	0	70	70	70	70
MP0375	Servizos de rede e internet	140	50	90	90	90	90
MP0227	Servizos en rede	157	16	141	141	141	141
MP0656	Simulación empresarial	140	17	123	123	123	123
MP0557	Sistemas integrados e fogar dixital	123	78	45	45	45	45
MP0483	Sistemas informáticos	186	105	81	81	81	81
MP0224	Sistemas operativos en rede	157	23	134	134	134	134
MP0028	Sobremesas en restauración	140	0	140	140	140	140
MP0093	Soldadura en atmosfera natural	347	257	90	90	90	90
MP1098	Son para audiovisuais	267	140	127	127	127	127
MP0441	Técnica contable	133	27	106	106	106	106
MP1304	Toma e edición dixital de imaxe	240	0	240	240	240	240
MP0693	Topografía agraria	107	27	80	80	80	80
MP0440	Tratamento informático da información	267	182	85	85	85	85
MP1136	Valoración da condición física e intervención en accidentes	240	150	90	90	90	90
MP0627	Xestión administrativa do comercio internacional	187	15	172	172	172	172
MP0501	Xestión da calidade e da seguridade e hixiene alimentarias	80	71	9	9	9	9
MP0602	Xestión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas	70	30	40	40	40	40
MP0813	Xestión da pesca continental	87	67	20	20	20	20
MP0500	Xestión da produción en cociña	244	197	47	47	47	47
MP1515	Xestión de pacientes	53	0	53	53	53	53
MP0652	Xestión de recursos humanos	105	0	105	105	105	105
			0	0	0	0	0
MP0228	Aplicacións web	123	0	123	123	123	123
MP0217	Atención hixiénica	87	0	87	87	87	87
MP0058	Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia	53	0	53	53	53	53
MP0484	Bases de datos	187	0	187	187	187	187
MP0212	Características e necesidades das persoas en situación de dependencia	160	0	160	160	160	160
MP0487	Contornos de desenvolvemento	107	0	107	107	107	107
MP0614	Despregamento de aplicacións web	88	0	88	88	88	88
MP0211	Destrezas sociais	123	0	123	123	123	123
MP1124	Dinamización grupal	123	0	123	123	123	123
	Empresa e iniciativa emprendedora	53	0	53	53	53	53
	Formación e orientación laboral	107	0	107	107	107	107
MP0017	Habilidades sociais	123	0	123	123	123	123





MP0376	Implantación de aplicacións web	122	0	122	122	122	122
MP0237	Infraestruturas comúns de telecomunicacións en vivendas e edificios	123	0	123	123	123	123
MP0018	Intervención con familias e atención a menores en risco social	123	0	123	123	123	123
MP0373	Linguaxes de marcas e sistemas de xestión de información	133	0	133	133	133	133
MP0154	O viño e o seu servizo	140	0	140	140	140	140
MP0105	Promoción da saúde	157	0	157	157	157	157
MP0920	Recursos expresivos audiovisuais e escénicos	187	0	187	187	187	187
MP0648	Recursos humanos e responsabilidade social corporativa	80	0	80	80	80	80
MP0226	Seguridade informática	140	0	140	140	140	140
MP0443	Tratamento da documentación contable	105	0	105	105	105	105
MP0815	Xestión da conservación do medio natural	123	0	123	123	123	123
MP0372	Xestión de bases de datos	187	0	187	187	187	187
			0	0	0	0	0
MP1128	Desenvolvemento comunitario	107	60	47	47	47	47
MP1405	Participación social das mulleres	105	46	59	59	59	59
MP0256	Elementos fixos	267	267	0	0	0	0
MP0012	Autonomía persoal e saúde infantil	155	103	52	52	52	52
MP0215	Apoio domiciliario	140	90	50	50	50	50
MP0015	Desenvolvemento cognitivo e motor	127	0	127	127	127	127
MP0052	Mantemento mecánico preventivo do vehículo	80	0	80	80	80	80
MP0490	Programación de servizos e procesos	70	32	38	38	38	38
MP1101	Axustes de sistemas de sonorización	87	30	57	57	57	57
MP0027	Elaboracións de confeitaría e outras elaboracións	192	146	46	46	46	46
MP0905	Procesos de realización en televisión	160	146	14	14	14	14
MP0984	Representación en carpintería e moblaxe	213	107	106	106	106	106
MP1165	Tratamento fotográfico dixital	240	178	62	62	62	62
MP0653	Xestión financeira	123	77	46	46	46	46
MP0192	Formulación e preparación de mesturas	107	55	52	52	52	52
MP0175	Xestión do departamento de pisos	105	53	52	52	52	52
MP0511	Sommelier	157	0	157	157	157	157
MP0026	Procesos básicos de repostería e pastelería	140	105	35	35	35	35
MP0642	Perfumaría e cosmética natural	105	45	60	60	60	60
MP0194	Prevención de riscos na industria química	80	24	56	56	56	56





ANEXO IX

Cráterios de valoración

Poderase obter ata un máximo de 20 puntos.

Modalidades 1 e 2

CRITERIO	Puntuación máxima
a) Coherencia e xustificación do proxecto	4
b) Proposta metodolóxica e de implementación do recurso na aula	4
c) Pertinencia e aproveitamento do soporte e outras ferramentas escollidas para a elaboración do material	4
d) Adecuación do cronograma	1
e) Calidade do exemplo desenvolvido en relación ao proxecto e aos requirimentos da convocatoria	4
f) Pertinencia da proposta e carácter innovador	3

É requisito alcanzar, como mínimo, o 40% da puntuación de cada alínea para poder optar a unha licenza.

Modalidades 3 e 4.

CRITERIO	Puntuación máxima
a) Contido e calidade do proxecto, segundo o anexo IV desta resolución	13
b) A elaboración ou adaptación de actividades que superen o número de horas mínimo establecido como requisito, 0,1 puntos por cada hora adicional	2
c) A elaboración ou adaptación de actividades nunha ou máis linguas estranxeiras	2
d) Que o obxecto do proxecto sexa elaborar ou adaptar materiais de módulos profesionais que se estean a ofertar na modalidade de FP a distancia no curso actual	1
e) Que o obxecto do proxecto sexa elaborar ou adaptar materiais de módulos profesionais de FP establecidos ao abeiro da LOE	1
f) Que o obxecto do proxecto sexa elaborar ou adaptar materiais que permitan	1





completar os materiais dalgún dos módulos do anexo VIII.	
--	--

É preciso alcanzar, como mínimo, 8 puntos na valoración do proxecto.

Modalidade 5

CRITERIO	Puntuación máxima
a) Coherencia e xustificación do proxecto	5
b) Aspectos metodolóxicos: titorización, dinamización, seguimento e avaliación	3
c) Aproveitamento do espazo virtual de aprendizaxe e outras ferramentas a empregar	2
d) Adecuación do cronograma	1
e) Calidade do exemplo desenvolvido en relación ao proxecto e aos requirimentos da convocatoria	4
f) Pertinencia da proposta en relación ás necesidades da oferta formativa	3

É requisito alcanzar, como mínimo, o 40% da puntuación de cada alínea para poder optar a unha licenza.

Modalidade 6.

Contido e calidade do proxecto, segundo o anexo IV desta resolución, ata 13 puntos.

É preciso alcanzar, como mínimo, 8 puntos na valoración do proxecto.





ANEXO X

Modelo de declaración xurada

Eu _____ con DNI
_____ docente en activo con destino en _____

Declaro responsablemente:

Que posúo, como autor/a do recurso educativo _____ plenos
dereitos sobre o material achegado por ser da miña autoría.

No caso do material non orixinal meu utilizado suxeito a licenzas libres que permiten a súa
utilización contan co recoñecemento expreso do autor/a e da licen+za orixinal no recurso
educativo.

No caso de todo o material empregado suxeito a copyright achego a autorización expresa
segundo o modelo facilitado pola consellería para a súa inclusión neste recurso educativo baixo
licenza Creative Commons *BY-NC-SA*, recoñecemento, non comercial e compartir igual.

Mediante esta declaración, sen prexuízo do dereito irrenunciabile de autoría, corresponden á
Consellería de Cultura, Educación e Universidade plenos dereitos non exclusivos de explotación,
difusión, comunicación, reprodución, publicación e divulgación mediante unha licenza libre
Creative Commons *BY-NC-SA*, recoñecemento, non comercial e compartir igual.

E, para que así conste, asino esta declaración.

Lugar e data

_____, de _____ de 202__

Sinatura da persoa declarante

